



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 26.06.2018**

**LUGAR:** Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 26.06.2018

**HORA DE COMEZO:** 10:40 h.

**HORA DE REMATE:** 11:30 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Xulio Calviño Rodríguez

D. Javier Garrido Valenzuela

D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

D<sup>a</sup>. Natalia Zunzunegui Garrido

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D<sup>a</sup>. Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes día 26 de xuño de 2018, ás 10:40 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24.05.2018).
- 2.** Informe do Presidente.
- 3.** Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
  - VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para Investigadores"
  - VI Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
  - V Curso de Especialista en "Dirección de loxística e produción"
    - V Curso complementario en "O sistema loxístico e a cadea de subministración: estratexia e planificación"
    - V Curso complementario en "O deseño loxístico do envase e embalaxe"
    - V Curso complementario en "Custos loxísticos e servizo ao cliente. Indicadores de xestión"
    - V Curso complementario en "Xestión avanzada da calidade. Estratexias de excelencia."
    - V Curso complementario en "O papel das persoas. O factor humano na implantación. Liderado e sistemas de participación"
    - V Curso complementario en "A mellora continua na dirección de loxística e produción. O modelo "Lean Manufacturing"
    - V Curso complementario en "Dirección de compras e stocks"
    - V Curso complementario en "Sistemas de información para a loxística e a produción"
    - V Curso complementario en "O deseño e a xestión dos almacéns"
    - V Curso complementario en "A xestión do transporte na cadea de subministración"
    - V Curso complementario en "Sistemas de xestión no contexto loxístico-productivo: calidade, seguridade, saúde laboral, medio ambiente e continuidade de negocio"
    - V Curso complementario en "Tendencias na loxística e a produción"
  - XVII Curso de Máster/Especialista en " Auditoría e contabilidade"
- 4.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros a desenvolver no curso 2018/2019 nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
- 5.** Aprobación, se procede, dos prezos para o Programa de maiores, por labores administrativas e tarefas de xestión.
- 6.** Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
  - a) Con aprobación previa do Presidente:
    - XV Curso de formación en "Introdución á bolsa"
    - III Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"
- 7.** Aprobación, se procede, da distribución das 52 bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.
- 8.** Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece expresamente a asistencia dos presentes, dada a perentoriedade da convocatoria motivada pola prema dos prazos outorgados polo Ministerio de Educación para a adxudicación das Bolsas-colaboración que concede anualmente.*



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24.05.2018).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Aclara don Ernesto Pedrosa os prazos e os requirimentos derivados da tramitación das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019, que esixe efectuar e comunicar a distribución das bolsas entre os departamentos da universidade antes do día 2 de xullo, ao que se dará cumprimento nesta sesión.

### **PUNTO 3**

*Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:*

- VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para Investigadores"
- VI Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
- V Curso de Especialista en "Dirección de loxística e produción"
  - V Curso complementario en "O sistema loxístico e a cadea de subministración: estratexia e planificación"
  - V Curso complementario en "O deseño loxístico do envase e embalaxe"
  - V Curso complementario en "Custos loxísticos e servizo ao cliente. Indicadores de xestión"
  - V Curso complementario en "Xestión avanzada da calidade. Estratexias de excelencia."
  - V Curso complementario en "O papel das persoas. O factor humano na implantación. Liderado e sistemas de participación"
  - V Curso complementario en "A mellora continua na dirección de loxística e produción. O modelo "Lean Manufacturing"
  - V Curso complementario en "Dirección de compras e stocks"
  - V Curso complementario en "Sistemas de información para a loxística e a produción"
  - V Curso complementario en "O deseño e a xestión dos almacéns"
  - V Curso complementario en "A xestión do transporte na cadea de subministración"
  - V Curso complementario en "Sistemas de xestión no contexto loxístico-productivo: calidade, seguridade, saúde laboral, medio ambiente e continuidade de negocio"
  - V Curso complementario en "Tendencias na loxística e a produción"
- XVII Curso de Máster/Especialista en " Auditoría e contabilidade"

Explica o secretario as incidencias que se reflicten nos cursos complementarios dependentes do Curso de Especialista en "Dirección loxística e produción", por canto os custes superan as recomendacións do Consello Social. Traslada don Ignacio Rodríguez as explicacións aportadas polo director das ensinanzas, don José Carlos Prado, argumentando as razóns que xustifican a matrícula proposta, centradas en que se trata dunha oferta académica non prevista na normativa actual pero correcta na súa formulación e utilidade tanto para alumnos como para traballadores. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar as taxas dos seguintes cursos:***
  - VIII Curso de formación en "Estatística con "R" para Investigadores"
  - VI Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
  - V Curso de Especialista en "Dirección de loxística e produción"
  - XVII Curso de Máster/Especialista en " Auditoría e contabilidade"



• ***Aprobar de xeito excepcional as taxas dos seguintes cursos:***

- V Curso complementario en "O sistema loxístico e a cadea de subministración: estratexia e planificación"
- V Curso complementario en "O deseño loxístico do envase e embalaxe"
- V Curso complementario en "Custos loxísticos e servizo ao cliente. Indicadores de xestión"
- V Curso complementario en "Xestión avanzada da calidade. Estratexias de excelencia."
- V Curso complementario en "O papel das persoas. O factor humano na implantación. Liderado e sistemas de participación"
- V Curso complementario en "A mellora continua na dirección de loxística e produción. O modelo "Lean Manufacturing"
- V Curso complementario en "Dirección de compras e stocks"
- V Curso complementario en "Sistemas de información para a loxística e a produción"
- V Curso complementario en "O deseño e a xestión dos almacéns"
- V Curso complementario en "A xestión do transporte na cadea de subministración"
- V Curso complementario en "Sistemas de xestión no contexto loxístico-productivo: calidade, seguridade, saúde laboral, medio ambiente e continuidade de negocio"
- V Curso complementario en "Tendencias na loxística e a produción"

**PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros a desenvolver no curso 2018/2019 nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.*

Introduce este punto o presidente e subliña os aspectos máis salientables da proposta, e da resolución que define os colectivos beneficiados. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar os prezos.***

**PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, dos prezos para o Programa de maiores, por labores administrativas e tarefas de xestión.*

Lembra don Ernesto Pedrosa que na sesión anterior se aprobaron os prezos das matrículas, e que neste caso trátase dos prezos por tramitación administrativa e xestión. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar os prezos.***

**PUNTO 6**

*Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:*

*a) Con aprobación previa do Presidente:*

- *XV Curso de formación en "Introdución á bolsa"*
- *III Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"*

Informa o secretario que coas memorias achéganse escritos dos respectivos directores aos que dende o Consello Social solicitáronse explicacións por algúns desaxustes observados e que xustifican razoadamente. A Comisión ACORDA:

- ***Validar a aprobación das seguintes memorias finais:***
  - *XV Curso de formación en "Introdución á bolsa"*
  - *III Curso de especialista en "Dirección de loxística e produción"*



### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, da distribución das 52 bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.*

O secretario explica o procedemento, o calendario e a tramitación para adxudicar e distribuír as 52 Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019. Resume as principais referencias en que presentaron solicitude 45 dos 47 departamentos existentes, e o número total de bolsas solicitadas ascende a 146, a cifra máis axustada dos últimos anos. En canto ás bolsas concedidas, 41 corresponden ao Campus de Vigo, 6 ao de Ourense e 5 ao de Pontevedra. Por ámbitos de coñecemento, a maioría das bolsas están destinadas ao Tecnolóxico (31%), que amosa a media máis alta de produción científica, unha medida na que todos os ámbitos presentan un notable crecemento. O reparto efectúase consonte aos criterios establecidos polo Consello Social, no que ten un peso preponderante a produción científica dos departamentos, unha vez concedida unha bolsa a todos e cada un dos departamentos solicitantes, aplicando así mesmo factores de corrección para que os catro ámbitos e os tres Campus teñan bolsas. Finalmente dá conta da evolución histórica do número de departamentos e candidatos que solicitan bolsa, da proporción entre bolsas solicitadas e concedidas por Campus e o reparto porcentual por ámbitos de coñecemento.

Aclaradas distintas cuestións e dúbidas, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar a asignación proposta.***

### **PUNTO 8**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:30 horas do 26 de xuño de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias